

Autor: **ARMANDO QUINTERO**
Ilustrador: **MANUEL PIZCUETA**

Encadernado en cartón
60 páxinas a toda cor. 15x19 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Un lugar no bosque"
SeteLeguas. ISBN 978-84-8464-220-6

-Castelán: "Un lugar en el bosque"
SieteLeguas. ISBN 978-84-933755-2-2

Prezo: 11 €

UN LUGAR NO BOSQUE

◆ PREMIO ANUAL DE LITERATURA (CATEGORÍA INFANTIL)
MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CULTURA DE URUGUAI

◆ SELECCIÓN 'OS MEJORES 2006' (BANCO DO LIBRO DE VENEZUELA)

**Lobo Avó conta aos lobiños vintenove contos, tenros e divertidos,
e fai que todos viaxen ao bosque onde calquiera cousa é posible,
ata os berros do silencio.**



Cunha sinxeleza e profundidade pouco comúns, os lobos invítannos a chegarnos ao seu universo con outros ollos; o bosque transfórmase así no escenario onde se tecen relacións, emocións e sentimentos. Cunha boa dose de humor, sabedoría e tenrura, o pensamento faise historia e cobixa grandes cuestións vitais: medo, inseguridade, morte, morriña, desexo, amor...

Incidindo sempre na arte da palabra e na transmisión do coñecemento, Armando Quintero entréganos vintenove pequenas historias para ler moitas veces e gozar descubriendo todos os segredos que agochan.

En perfecta harmonía co texto, a particular percepción plástica de Manuel Pizcueta faise eco da mirada dos lobos e consegue fundir os sentimentos e a realidade en ilustracións moi pictóricas e coidadosamente elaboradas.

A abundancia de metáforas gráficas, a importancia da composición e os planos dende ángulos insospeitados, fan que a ilustración, ao igual que o texto, vaia dirixida non só a un público infantil. Ademais, Pizcueta acompaña as historias con pequenos apuntes de viaxe que reflicten á perfección os sentimentos de afecto que desprende a obra e que constitúen, tal vez, un reto para os que aínda non aprenderon a ser humanos.

- **Temática:** libro de relatos sobre emocións e sentimentos
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** animais humanizados; reflexión sobre sensacións como medo, inseguridade, morte, morriña...

ARMANDO QUINTERO (Uruguay, 1944)

Profesor de Literatura, docente da Cátedra Taller de Narración Oral e Artes Escénicas da Universidade Católica Andrés Bello, en Caracas (Venezuela). Fundou varios grupos de teatro. Tamén é pintor e ilustrador. Entre os galardóns que recibiu destacan a Mención da Unión de Xornalistas de Cuba (1994), a Medalla de Honra da UCAB (2002) e o premio "O caracol da Oralidade" que concede a Asociación de Narradores Oraís de México.

MANUEL PIZCUETA

A súa obra expúxose, dende 1981, nas principais salas de arte e galerías de Portugal, Galicia e o resto de España. Conta con exposicións permanentes en centros culturais de Cangas (Pontevedra), localidade onde reside. Entre outras distincións, recibiu a bolsa Valdearte e o Premio 'Arte no Morrazo'.

